ANEXO III Referencia convocatoria: 2026/CP/164

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN CON CARGO A LIÑAS DE INVESTIGACIÓN

Liñas de investigación*: Liña estratéxica Vicerreitoría de Investigación e Transferencia (nº rexistro 20) Referencia axuda: Convenio reforzo persoal, xestión da transferencia e innovación 2023-2026 Título: Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para Reforzo de Persoal de Xestión da Transferencia e a Innovación e Consolidación de Estruturas de Investigación 2023-2026
PERÍODO AXUDA: INICIO: 01/01/2023 FIN: 31/12/2026
CENTRO Inv. Principal: Vicerreitoría de Investigación e Transferencia
LUGAR E HORARIO: CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía. Luns a venres, 08:00-15:00 h
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: 1
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 18 XULLO DE 2025 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO PARA TAREFAS DE INVESTIGACIÓN (PCTI)) : Investigador/a contratado/a doutor/a ☐ — Axudante de apoio á investigación ☐ Xestor/a de investigación ☒ MECES 4 — Técnico administrativo/a e de xestión ☐ Colaborador/a de investigación ☐ — Axudante administrativo/a ☐ Técnico/a de apoio á investigación ☐
XORNADA | Tempo Completo: ☒ | Tempo Parcial: ☐ | DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/11/2026
TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☒
RETRIBUCIÓNS BRUTAS: 2.624,97 €*
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0599230818-541A-6400006

*O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Doutoramento en Bioloxía, Química, Ciencias Ambientais, Ciencias da Saúde, Ciencias do Mar e Agroenxeñaría.
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC. Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa **Referencia da convocatoria**.
PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes): Titulares: Carlos Platas Iglesias (presidente, CAT-UN, director do CICA), Mª Amalia Jácome Pumar (secretaria, adxunta de Investigación, TIT-UN) e Manuel Francisco González Penedo (CAT-UN, director do CITIC). Suplentes: Fernando Martínez Abella (presidente, CAT-UN, director do CITEEC), Mª Isabel Docampo Ramos (PTXAS, directora da OTC) e Faustino Infante Roura (PTXAS, director estratéxico da REDCIDI).
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

Documentación que debe presentar a persoa solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

** Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.*

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación - PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: SO7KCMJFU0HHG0F1643G33RJ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 13/07/2026 11:54:34 Página 1 de un total de 6 página(s).

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPD (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art, 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
O INVESTIGADOR PRINCIPAL

Asdo.: Jerónimo Puertas Agudo

Documentación que debe presentar a persoa solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

** Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.*
**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación - PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: SO7KCMJFU0HHG0F1643G33RJ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 13/07/2026 11:54:34 Página 2 de un total de 6 página(s).

CRONOGRAMA DE FUNCIÓNS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR LABORAL POR LIÑAS DE INVESTIGACIÓN E ESTRATÉXICAS

TEMPO ESTIMADO DE REALIZACIÓN DAS FUNCIÓNS	2 meses

FUNCIÓNS	DATA DE INICIO	DATA DE FIN	DURACIÓN
Apoio á xestión operativa e estratéxica do centro: colaboración coa dirección do CICA en tarefas de coordinación e supervisión, especialmente nos aspectos relacionados coa estratexia científica, a planificación e a xestión de actividades de I+D+i, no marco de convocatorias competitivas para centros de investigación, como o programa de Centros de Investigación do SUG, as acreditacións María de Maeztu e outras iniciativas similares de excelencia científica.	01/11/2026	31/12/2026	2 meses
Xestión de calidade e indicadores de investigación: elaboración, actualización e mantemento de bases de datos e indicadores relacionados coa calidade da investigación desenvolvida no centro, incluíndo aqueles requiridos para acreditacións como a de Centros de Investigación do SUG.	01/11/2026	31/12/2026	2 meses
Documentación científico-técnica: apoio na elaboración de memorias, informes e indicadores científico-técnicos relativos a actividades de I+D+i, proxectos, innovación e transferencia do centro.	01/11/2026	31/12/2026	2 meses
Financiamento e proxectos: identificación e seguimento de convocatorias de financiamento públicas e privadas (nacionais e internacionais). Apoio na preparación, revisión e xestión de propostas de proxectos, tanto dos grupos de investigación do CICA como de proxectos propios do centro, colaborando coa Oficina de Proxectos Internacionais (OPI) da UDC na presentación de propostas competitivas.	01/11/2026	31/12/2026	2 meses
Internacionalización: apoio á participación do CICA en proxectos europeos e internacionais, incluíndo a procura de socios estratéxicos, a participación en clústeres e redes internacionais de I+D+i e o posicionamento do centro no ámbito internacional.	01/11/2026	31/12/2026	2 meses
Captación de talento investigador: apoio á definición e desenvolvemento de estratexias de captación de talento investigador, identificación e seguimento de convocatorias competitivas de incorporación de persoal investigador e apoio na preparación, revisión e xestión de candidaturas, en colaboración coa Oficina de Captación de Persoal Investigador (OCPI) da UDC.	01/11/2026	31/12/2026	2 meses

Documentación que debe presentar a persoa solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

** Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.*

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación - PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: SO7KCMJFU0HHG0F1643G33RJ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 13/07/2026 11:54:34 Página 3 de un total de 6 página(s).

Formación transversal e mentoring: apoio á planificación, organización e seguimento das accións de formación transversal dirixidas ao persoal adscrito ao centro e xestión do programa de mentoring do centro.	01/11/2026	31/12/2026	2 meses
Transferencia de coñecemento: coordinación, supervisión e seguimento da actividade da unidade de transferencia, apoiando a planificación estratéxica, a definición de prioridades e a avaliación das actuacións desenvolvidas.	01/11/2026	31/12/2026	2 meses

Documentación que debe presentar a persoa solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

** Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.*

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación - PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: SO7KCMJFU0HHG0F1643G33RJ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 13/07/2026 11:54:34 Página 4 de un total de 6 página(s).

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

O "CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía" da UDC foi acreditado no ano 2024 como Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia (SUG), uníndose como centro de investigación de excelencia á Rede CIGUS da Xunta de Galicia.

O CICA conta na actualidade con 30 grupos de investigación adscritos e diríxese a tres áreas temáticas estratéxicas: Biomedicina (BMed); Alimentación, Contaminación e Saúde (ACeS); e Nanociencia e Materiais Avanzados (NeMA).

A acreditación e pertenza do centro á Rede CIGUS de Galicia requirirá de tarefas de apoio e seguimento concretas, así como de posicionamento futuro, no que o CICA buscará a continuidade da súa excelencia científica e a singularidade dentro do espazo de investigación galego.

Unha das pezas fundamentais do CICA neste novo período será o fortalecemento da estrutura de xestión e apoio á I+D do centro, facéndoa máis especializada, en consonancia cos modelos de xestión doutros centros de investigación de referencia da contorna.

En concreto, o CICA necesita da contratación dunha persoa responsable de xestión institucional da I+D+i: proxectos, calidade e promoción científica, que se integrará na Oficina de Xestión do centro, con formación e experiencia nas áreas de I+D+i temáticas do CICA, experiencia en centros de investigación acreditados pola Xunta de Galicia e experiencia en xestión operativa e estratéxica de I+D. O/a técnico/a responsable contratado/a colaborará na organización, preparación e xestión das accións referidas a estes temas, así como apoio a transferencia e dará tamén apoio directo á dirección do CICA en diversas cuestións da súa competencia.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DESGLOSADOS (100 puntos)

CRITERIO	Puntuación Máxima
Expediente académico. En títulos de doutoramento en Bioloxía, Química, Ciencias Ambientais, Ciencias da Saúde, Ciencias do Mar, Agroenxeñaría ou Xeoloxía. Aprobado: 6 Notable: 8 Sobresaliente: 9 Sobresaliente Cum Laude:10 Valorarase proporcionalmente á nota media. De non presentarse certificado coa nota media a valoración será a correspondente a unha nota media de 5.	10 puntos
Experiencia profesional relacionada co obxecto do contrato. Experiencia profesional na xestión de centros de investigación, incluíndo a xestión operativa e estratéxica de centros de investigación especializados nas áreas do CICA e de centros de investigación de excelencia; experiencia profesional no seguimento de proxectos de investigación, xestión documental, supervisión operativa, elaboración de informes técnicos, coordinación con distintas unidades e organismos, análise e tramitación de expedientes e consultas, participación en comités e grupos de traballo e implantación, mantemento e mellora de sistemas de xestión da calidade; e experiencia acreditada en investigación mediante participación en proxectos ou grupos de investigación (0,8 punto/mes traballado a tempo completo). A experiencia a tempo parcial valorarase á metade (0,4 puntos/mes).	40 puntos
Idiomas. Nivel de coñecemento da lingua inglesa segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER). B1: 2 puntos B2: 3,5 puntos Superior: 5 puntos	5 puntos
Formación adicional. Formación recibida relacionada coas labores a realizar. Só se valorarán cursos relacionados coa xestión operativa de centros de investigación de excelencia, a xestión de proxectos de I+D+i e a transferencia de coñecemento, resultados de investigación e tecnoloxía (1 punto/10 horas). Esta formación deberá ser acreditada documentalmente mediante certificado, onde se certifique o número de horas.	20 puntos

Documentación que debe presentar a persoa solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

** Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.*

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación - PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: SO7KCMJFU0HHG0F1643G33RJ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 13/07/2026 11:54:34 Página 5 de un total de 6 página(s).

Puntuación mínima para acceder á entrevista	60 puntos
Entrevista persoal. Convocarase aos/ás 2 mellores candidatos/a dos apartados anteriores. Para a realización das entrevistas poderase contar co apoio dalgunha persoa colaboradora.	25 puntos
Lista de agarda. Requisitos para a lista de agarda (a puntuación obtida na entrevista non computa para integrar a lista de agarda)	60 puntos

O financiamento do contrato poderá ser asumido, total ou parcialmente, por calquera outro proxecto ou axuda adscrita á Liña de Investigación, incluso con anterioridade á finalización dos meses iniciais, sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

Ao abeiro do disposto no art. 5 da Instrución 2/2025, do 17 de marzo de 2025, da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, pola que se regula o rexistro de liñas de investigación e estratéxicas e a contratación de persoal investigador laboral con cargo a liñas, a vixencia deste contrato indefinido está supeditada á persistencia da necesidade das tarefas e á existencia de crédito adecuado e suficiente na liña de investigación. A consumación do financiamento adscrito á liña, ou a finalización das actividades técnicas que xustifican o posto sen posibilidade de reubicación, constituirá causa obxectiva de extinción do contrato (Art. 52.e ET).

Requisitos.

Os requisitos deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitude.

Na data de remate do prazo para presentar solicitudes e durante a vixencia do contrato, as persoas aspirantes deberán reunir e manter os requisitos do Art. 8 da Normativa de contratación de persoal laboral no capítulo 6 para proxectos, axudas e convenios de investigación e transferencia de coñecemento.

Para que os méritos sexan puntuados, é imprescindible achegar a documentación xustificativa. Os méritos simplemente alegados e non acreditados non serán valorados pola Comisión de Selección.

- **Méritos xerais**: Todos os títulos e certificados deben achegarse en formato PDF lexible.
- **Experiencia Profesional**: Requírese obrigatoriamente o Informe de Vida Laboral actualizado, acompañado dos contratos de traballo (ou alta no RETA para autónomos), así como informe das tarefas realizadas.
- **Proxectos de Investigación**: Só se aceptarán certificados emitidos polo organismo oficial competente (ex. Vicerreitoría de Investigación ou persoas con competencia xurídica).
- **Idiomas**: Os coñecementos de idiomas deberán acreditarse mediante certificado oficial (ex. CEFR, Cambridge, DELE, EOI) ou equivalente recoñecido pola Comisión de Selección.

Nota de Exclusión: Non son válidos os certificados ou cartas emitidos a título persoal por profesores ou Investigadores Principais (IP) dos proxectos.

O posto poderá quedar deserto no caso de non existir ningunha persoa candidata con puntuación superior a 60 puntos (a puntuación obtida na entrevista non computa para integrar a lista de agarda).

Constituirase unha listaxe de agarda coas persoas aspirantes que non resultasen propostas pola Comisión de Selección, que poderá ser utilizada no caso de renuncia ou extinción do contrato de traballo da persoa seleccionada. Asemade, esta listaxe poderá ser usada para futuras contratacións que teñan o mesmo obxecto.

A Universidade da Coruña garante procesos de selección baseados no mérito, a transparencia e a igualdade de oportunidades (Políticas OTM-R), no marco da acreditación europea HR Excellence in Research.

Documentación que debe presentar a persoa solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

** Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.*

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación - PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: SO7KCMJFU0HHG0F1643G33RJ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 13/07/2026 11:54:34 Página 6 de un total de 6 página(s).